

INFORME SOBRE A MEMORIA DE CALIDADE DA ESCOLA DE TRABALLO SOCIAL

O 30 de abril de 2018 recíbese na Área de Calidade e Mellora dos Procedementos (ACMP) a Memoria de Calidade da Escola de Traballo Social correspondente á revisión do curso 2017-2018, solicitando o informe técnico. A memoria foi elaborada pola Comisión de Calidade do Centro de acordo co proceso PE- Revisión e Mellora do Sistema de garantía de calidade da Universidade de Santiago de Compostela.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

De acordo co proceso de Revisión e Mellora a análise de funcionamento de cada un dos títulos e do SGIC de forma global queda recompilada na Memoria de Calidade do Centro, que pecha o ciclo de calidade anual do centro.

Deste xeito, o centro deberá analizar o desenvolvemento e os resultados dos seus títulos así como o funcionamento do seu Sistema de garantía de calidade, tendo en conta a súa planificación estratéxica e os seus obxectivos, no marco da planificación da institución.

INFORME:

A Memoria de calidade 2017-2018 da Escola de Traballo Social , recolle os contidos mínimos establecidos:

- Introducción
- Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados
- Plan de melloras do centro
- Anexo. Informes de seguimento dos títulos impartidos no centro

En cada apartado realízanse as análises e reflexións oportunas, realízase o seguimento das melloras formuladas en anos anteriores, propóñense melloras a implantar para o seguinte ciclo e analízase o funcionamento do Sistema de garantía de calidade, polo que se **informa favorablemente** o documento.

De acordo co proceso establecido, a vicerreitoría con competencias en calidade daralle traslado da memoria á Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello do Goberno que poderá, de ser o caso, formular recomendacións.

Jose Manuel Villanueva Prieto

Xefe da Área de Calidade e Mellora dos Procedementos

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: JOSE MANUEL VILLANUEVA PRIETO, XEFE DA AREA DE CALIDADE E MELLORA DE PROCEDEMENTOS, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 02/05/2019 13:13:06.

CSV: 075C-73D5-4601-95F6



MEMORIA DE CALIDADE

**Escola Universitaria de Traballo Social
(Centro adscrito á USC)**

Curso Académico:2017 /2018

(Aprobada Xunta Delegada de Centro o 30 de abril de 2019)

Escola Universitaria de Traballo Social Santiago de Compostela		MEMORIA DE CALIDADE Escola Universitaria de Traballo Social 2017-2018	Código: F02-PM-01 Versión: 01 Data:
		FORMATO	Páxina 1 de 66

Índice

1. <u>Introdución</u>	2
2. <u>Seguimento do Sistema de Garantía Interna de Calidade</u>	3
3. <u>Plan de Melloras do Centro</u>	14
4. <u>Anexo: Informes de seguimento</u>	31

	MEMORIA DE CALIDADE Escola Universitaria de Traballo Social 2017-2018	Código: F02-PM-01 Versión: 01 Data:
	FORMATO	Páxina 2 de 66

1. Introducción

A Escola universitaria de Traballo Social (EUTS) de Santiago de Compostela é pioneira na formación de traballadores sociais en Galicia, ten as súas orixes na Escola de Asistentes Sociais fundada no ano 1957. A súa personalidade xurídica foi ostentada pola Escola de Ensino Social de Galicia ata 1999. A partir dese ano pasa a depender da *Fundación Santiago Apóstol de Ciencias Sociais*, entidade declarada de interese galego e de interese docente. A Escola está adscrita á Universidade de Santiago de Compostela dende o ano 1983.

A política de calidade da EUTS ten como referencia a política de calidade da USC, e o Sistema de Garantía Interna de Calidade propio (SGIC) que responde ás características específicas do centro dado o seu carácter adscrito.

Nesta Memoria de Calidade da Escola Universitaria de Traballo Social referida ao ano académico 2017-2018, inclúese información relativa ao Sistema de garantía Interna de Calidade (SGIC), e o plan de melloras do título de Grao en Traballo Social (revisión das accións do curso 2017-2018 e as novas propostas para o curso 2019-2020) derivadas do seguimento do título. O Informe de Seguimento do curso 2017-2018 foi informado favorablemente pola Comisión de Calidade na reunión celebrada o 15 de marzo de 2019, tras a súa elaboración pola Comisión de Título do Grao, e foi a base para elaborar esta Memoria sometida a aprobación da Xunta Delegada de Centro na súa reunión de 30 de abril de 2019.

	MEMORIA DE CALIDADE Escola Universitaria de Traballo Social 2017-2018	Código: F02-PM-01 Versión: 01 Data:
	FORMATO	Páxina 3 de 66

2. Seguimento do Sistema de Garantía Interna de Calidade

No centro impártese no curso obxecto de análise so a titulación de Grao en Traballo Social, polo que o ámbito de aplicación do SGIC afecta so a esta.

A Comisión de Calidade do Centro é un órgano que participa nas tarefas de planificación, desenvolvemento e seguimento do SGIC do Centro, actuando ademais como medio de difusión interna do Sistema e dos seus logros. Estará formada por:

- Directora do Centro (Presidenta)
- Responsable de Calidade do Centro
- Coordinadora de Título
- Xefa de Sección (PAS)
- Un/ha alumno/a (preferentemente alumno/a-titor/a)
- Outros membros que a Directora considere oportuno (dous docentes)

Entre as funcións principais da Comisión de Calidade, destácanse as seguintes:

- a. Realizar o deseño, a implantación, o seguimento e mellora do SGIC no Centro.
- b. Elaborar a Memoria de calidade do Centro que englobará distintos informes e memorias:
 - Proposta do plan de melloras do centro para o curso seguinte que recollerá as propostas de mellora dos títulos derivadas dos seus informes de seguimento.
 - Informe do seguimento da implantación do SGIC e as súas propostas de mellora
 - Informe de seguimento dos títulos

A documentación base para o desenvolvemento do SGIC, ademais da normativa que afecta ao ensino universitario, é o Manual propio do SGIC e procesos asociados, é a seguinte:

- .- Memoria de Verificación do Título de Grao en Traballo Social
- .- Informe final de Renovación da acreditación do título
- .-Regulamentos propios do centro
- Plan Estratéxico propio
- .-Acordos dos Órganos de goberno e Comisións do centro.

Reunións da Comisión de Calidade:

As reunións celebradas pola Comisión de calidade ao longo do curso 2017-2018, e os principais asuntos abordados foron:

-27 de outubro de 2017

Incorporar suxestións da Area de Calidade ao Plan estratéxico da EUTS 2018-2020.

	MEMORIA DE CALIDADE Escola Universitaria de Traballo Social 2017-2018	Código: F02-PM-01 Versión: 01 Data:
	FORMATO	Páxina 4 de 66

-1 de decembro de 2017

Proposta do Plan estratéxico da EUTS.2018-2020.

-5 de abril de 2018

Aprobar Informe Seguimento 2016-2017 e proposta de accións de mellora derivadas do mesmo.

-21 de maio de 2018

Aprobación da memoria de calidade 2016-2017.

Planificación do traballo para a adaptación da memoria, documentos, procesos e procedementos do sistema de calidade da EUTS ao novo sistema simplificado da USC así como inicio do proceso de elaboración do MINISIG.

Destacar do traballo da CCC no curso obxecto de análise o concluír a elaboración do Plan estratéxico da EUTS.2018-2020.

Reunións da comisión de Título en relación ao SGIC:

A USC desde a súa Área de calidade facilita ao centro os datos dos principais indicadores que son obxecto de análise no Informe de seguimento. O centro ten establecido indicadores propios, e xenera documentos que son obxecto de análise na Comisión de Título do Centro, entre as celebradas destacar aquelas que teñen relación co SGIC :

-16 de outubro de 2017:

Informe coordinación título 2016-2017.

-10 novembro de 2017:

Aprobación proposta modificación MVT 2010.

-20 decembro de 2017:

Informe xestións realizadas vinculadas a Accións de Mellora

-22 de xaneiro de 2018.

Proposta límite de prazas Grao 18-19.

Proposta PDA 18-19.

-7 de febreiro de 2018:

Dar conta información recibida para seguimento título

Planificar análise do seguimento do título

-22 de febreiro de 2018:

Dar conta informe provisorio de avaliación da solicitude de modificación de plan de estudos remitido pola ACSUG

Ampliación prazo presentación Informe seguimento 16-17.

-1 de marzo de 2018:

Alegacións ao informe de avaliación da modificación de título remitido pola ACSUG.

-14 de marzo de 2018:

Análise de datos Informe seguimento 16-17.

	MEMORIA DE CALIDADE Escola Universitaria de Traballo Social 2017-2018	Código: F02-PM-01 Versión: 01 Data:
	FORMATO	Páxina 5 de 66

-16 de marzo de 2018:

Aprobación da análise de datos do Informe de Seguimento curso 16-17.

-13 de abril de 2018:

Accións de mellora 2017-2018 aprobadas pola Comisión de Calidade.

Valoración informe abandono potencial alumnado novo ingreso.

Dar conta aprobación Informe Final Avaliación solicitude modificación MVT.

Dar conta POD aprobado curso 2018-2019.

Potenciar participación do alumnado nas enquisas de avaliación por parte dos coordinadores de curso.

-22 de maio de 2018:

Aprobación programas materias 2018-2019.

Determinar período de avaliación de prácticas externas .

-20 de maio de 2018:

Coordinadora título informa apertura período avaliación prácticas.

-13 de xullo de 2018:

Informe sesión informativa dirixida alumnado 4º curso .

Informe alumnado titor.

-Informe reunión delegado de protección de datos da USC.

Principais indicadores do SGIC:

Preséntanse a continuación os resultados dos indicadores recollidos no SGIC facilitados pola USC para o curso 2017-2018, e que foron obxecto de análise no Informe de seguimento correspondente, e establecendo principalmente a comparativa cos dous cursos inmediatamente anteriores:

- Indicadores de xestión do título:

	2015-16	2016-17	2017-18
Prazas ofertadas IN1G-PC-05	80,00	80,00	80,00
Matrícula IN2G-PC-05	272,00	254,00	264,00
Matrícula de novo ingreso IN3G-PC-05	63,00	81,00	87,00
Matrícula de inicio de estudos IN4G-PC-05	62,00	77,00	83,00
Variación de matrícula de inicio de estudos IN5G-PC-05	-4,62	24,19	7,79
Taxa de abandono durante o primeiro curso IN40G-S01-PM-01	17,39	4,84	17,02

Escola Universitaria de Traballo Social Santiago de Compostela		MEMORIA DE CALIDADE Escola Universitaria de Traballo Social 2017-2018	Código: F02-PM-01 Versión: 01 Data:
		FORMATO	Páxina 6 de 66

	2015-16	2016-17	2017-18
Nota media de acceso por preinscripción (5-14) IN06G-PC-05	6,48	6,50	6,72
Porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis (%) IN07G-PC-05	61,29	57,89	69,51
Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados (%) IN08G-PC-05	1,10	0,39	1,14
Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia IN09G-PC-05	1,47	2,36	2,27
Relación de estudantes preinscritos en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre as prazas ofertadas (%) IN10G-PC-05	60,00	63,75	67,50
Taxa de ocupación (%) IN12G-PC-05	77,50	96,25	103,75

Provincia de procedencia alumnado	2016-17		2017-18	
	Nº	%	Nº	%
A Coruña	155	63,0	164	63,5
Lugo	19	7,7	18	7
Ourense	12	4,9	13	5
Pontevedra	60	24,4	63	24,5
Total	246	100,0	258	100,0

Grandes cidades Galicia Procedencia alumnado	2016-17		2017-18	
	Nº	%	Nº	%
A Coruña	22	8,8	16	6,2
Ferrol	3	1,2	9	3,4
Lugo	10	4,1	6	2,4
Ourense	6	2,4	4	1,5
Pontevedra	10	4,1	11	4,3
Santiago de Compostela	35	14,2	37	14,3
Vigo	8	3,2	10	3,9
Total	94	(246)	93	(258)

Escola Universitaria de Traballo Social Santiago de Compostela		MEMORIA DE CALIDADE Escola Universitaria de Traballo Social 2017-2018	Código: F02-PM-01 Versión: 01 Data:
		FORMATO	Páxina 7 de 66

CURSO	MEDIA ALUMNADO POR GRUPO DE TEORIA	MEDIA ALUMNADO POR GRUPO DOCENCIA INTERACTIVA
2015-16	52,12	27,16
2016-17	54,19	28,43
2017-18	57,07	30,06

	2015-16	2016-17	2017-18
Porcentaxe de estudantes enviados pola USC a programas de mobilidade sobre o total matriculados Grao Traballo Social IN17C-PC08	1,47	2,36	1,14
Porcentaxe de estudantes recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre o total matriculados Grao Traballo Social IN18C-PC08	1,47	3,94	4,55

	2015-16	2016-17	2017-18
Porcentaxe de estudantes egresados nun curso académico que ao longo dos seus estudos realizou as prácticas en empresa e institucións IN22G-PC-09	93,75	96,15	98,04

	2015-2016	2016-2017	2017-2018
Media de satisfacción dos estudantes coas prácticas externas (1-5) IN19-PC-09 e o documento INF.06	4,11	4,70	4,46
Taxa de satisfacción dos/as titores/as externos/as cos programas de prácticas externas (1-5) IN20-PC-09 e o documento INF.07	4,16	4,64	4,30

	MEMORIA DE CALIDADE Escola Universitaria de Traballo Social 2017-2018	Código: F02-PM-01 Versión: 01 Data:
	FORMATO	Páxina 8 de 66

Media de satisfacción dos titores/as académicos/as cos programas de prácticas externas (1-5) IN21-PC-09 e o documento INF.08	4,80	4,91	4,91
---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	------	------	------

	2016-2017 2º cuadrim.	2017-2018 2º cuadrim.
Titores académicos		
Actitude para o alumno/a	9,77	9,46
Orientación teórica	9,58	9,46
Satisfacción coa titora académica	9,81	9,51
Media	9,72	9,48

Opción preferente de solicitude e matrícula en traballo social	% SOLICITUDE	%M ATRICULA
Primeira	24,1	65,4
Segunda	21,6	21,0
Terceira	12,8	8,6
Cuarta	19,7	2,5
Quinta ou máis	15,3	2,5

-Resultados da aprendizaxe:

Taxa de rendemento IN34CG-S01-PM-01	2015-2016	2016-2017	2017-2018
EUTS	85,53	87,13	86,33

Taxa de éxito IN35CG-S01-PM-01	2015-2016	2016-2017	2017-2018
EUTS	89,98	91,79	90,49

Taxa de avaliación IN36CG-S01-PM-01	2015-2016	2016-2017	2017-2018
EUTS	95,05	94,93	95,40

-Satisfacción e rendemento:

Preferencias en canto a solicitude e matrícula		
OPCIÓN	% SOLICITUDE	% MATRICULA
Primeira	24,1	65,4
Segunda	21,6	21,0
Terceira	12,8	8,6
Cuarta	19,7	2,5
Quinta ou máis	15,3	2,5

 Escola Universitaria de Traballo Social	MEMORIA DE CALIDADE Escola Universitaria de Traballo Social 2017-2018			Código: F02-PM-01 Versión: 01 Data:	
	FORMATO			Páxina 9 de 66	

Taxa de graduación	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18
EUTS	-	75,27	69,66	78,31	86,33

Taxa de duración media dos estudos	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18
EUTS	4,00	4,14	4,15	4,34	4,17

Taxa de abandono durante o primeiro curso	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18
EUTS	5,38	11,24	12,05	17,39	4,84	17,02

Taxa de abandono RD 1393/2007	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18
EUTS	15,05	23,60	16,87	21,74

Taxa de éxito dos egresados	2015-16	2016-17	2017-18
EUTS	96,90	94,70	94,27

Taxa de idoneidade na graduación	2015-16	2016-17	2017-18
EUTS	60,67	67,47	69,57

Taxa de eficiencia (rendemento dos egresados)	2015-16	2016-17	2017-18
EUTS	96,37	94,05	94,27

Media de satisfacción dos estudantes coas prácticas externas	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18
EUTS	4,52	4,52	4,11	4,70	4,46

Taxa de resposta estudantes coas prácticas externas	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18
EUTS	11,59	13,51	23,40	32,20

Satisfacción alumnado con prácticas externas	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18
Media EUTS	4,52	4,11	4,70	4,46
Media USC	4,01	4,08	4,34	4,25

Media de satisfacción dos/as titores/as externos/as cos programas de prácticas externas (%)	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-018
EUTS	4,17	3,84	4,16	4,64	4,30

Taxa de resposta dos titores externos coas prácticas externas	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18
EUTS	27,47	37,76	18,97	47,22

Satisfacción dos/as traballadores/as sociais titores/as externos/as	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18
Media EUTS	3,84	4,16	4,64	4.30
Media USC	4.11	4.11	4.12	4.22

Media de satisfacción dos titores/as académicos/as cos programas de prácticas externas	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18
EUTS	4,77	4,80	4,91	4,91

Taxa de resposta do profesorado titor coas prácticas externas	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18
EUTS	66,67	100,00	100,00	100,00

Satisfacción do profesorado titor académico	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18
Media EUTS	4,77	4,80	4,91	4.91
Media USC	4.23	4.18	4.29	4.34

Media de satisfacción do alumnado coa docencia recibida	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18
EUTS	3,86	4,03	4,22	4,20	4,19

Taxa de participación do alumnado coa docencia recibida	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18
EUTS	24,86	18,54	36,06	37,05	27,01

Satisfacción do alumnado coa docencia recibida	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18
Media EUTS	4,03	4,22	4,20	4,19
Media USC	3,81	3,87	3,85	3,88

 Escola Universitaria de Traballo Social	MEMORIA DE CALIDADE Escola Universitaria de Traballo Social 2017-2018		Código: F02-PM-01 Versión: 01 Data:
	FORMATO		Páxina 11 de 66

Media de satisfacción do profesorado coa docencia impartida	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18
EUTS	2,30	3,10	4,39	4,42	4,49	4,46

Taxa de participación do profesorado na enquisa sobre satisfacción coa docencia	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18
EUTS	5,56	44,44	68,75	73,33	92,86

Media de satisfacción xeral dos e das egresadas coa titulación	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18
EUTS	3,12	3,43	3,37	3,93

Taxa de participación dos/as egresados/as na enquisa de satisfacción	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18
EUTS	8,33	8,97	12,90	30,77

Satisfacción coa formación recibida na titulación	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18
Media EUTS Formación teórica	3,75	3,29	3,90	4,56
Media USC Formación teórica	3,53	3,56	3,56	3,61
Media EUTS Formación práctica	3,38	2,86	3,10	3,87
Media USC Formación práctica	2,46	2,67	3,64	2,74

	Curso 2017-18	
	Media EUTS	Media USC
Valoración egresados respecto		
A formación recibida cumpriu as expectativas creadas antes de empezala	4,19	3,20
Satisfacción global co profesorado da titulación	4,56	3,12
Adecuación dos horarios, calendario académico e de exames	4,13	2,79
Información e apoio recibido nas actividades de acollida e presentación	4,44	3,00
Infraestruturas e materiais dispoñibles	3,33	2,89

	MEMORIA DE CALIDADE Escola Universitaria de Traballo Social 2017-2018	Código: F02-PM-01 Versión: 01 Data:
	FORMATO	Páxina 12 de 66

-Inserción laboral:

Enquisa propia a egresados					
	Alumnado egresado	Alumnado co que se fai o contacto	Alumnado que resposta	% de resposta sobre os cursos	% de resposta sobre o alumnado co que se fai o contacto
2015-16	80	66	40	50,0	60,6
2016-17	52	49	45	86,5	91,8
TOTAL	132	115	85	64,4	73,9

Situación laboral alumnado egresado		
	2015-16 %	2016-17 %
Traballa actualmente	67,5	60,0
Traballou, agora non	22,5	11,1
Non traballou nunca	10,0	28,9
	BASE (40)	BASE (45)

Ocupación alumnado egresado		
	2015-16 %	2016-17 %
Traballa ou traballou como Traballador/a Social ou relacionado	58,3	50,0
Traballa ou traballou sen relación co Traballo Social	41,7	50,0
	BASE (36)	BASE (32)

Tipo de xornada dos/as egresados/as ocupados/as como Traballadores/as Sociais		
	2015-16 %	2016-17 %
Xornada completa	71,4	68,8
Media xornada	19,1	6,2
Por horas	9,5	25,0
	BASE (21)	BASE (16)

Escola Universitaria de Traballo Social Santiago de Compostela		MEMORIA DE CALIDADE Escola Universitaria de Traballo Social 2017-2018	Código: F02-PM-01 Versión: 01 Data:
		FORMATO	Páxina 13 de 66

Tipo de contrato dos/as egresados/as ocupados/as como Traballadores/as Sociais		
	2015-16 %	2016-17 %
Indefinido	9,5	18,8
Temporal	81,0	75,0
En prácticas	9,5	6,2
Beca	-	-
	BASE (21)	BASE (16)

Tipo de empresa na que traballaban no momento da enquisa ou anteriormente como Traballadores/as sociais		
	2015-16 %	2016-17 %
En empresa pública	19,1	25,0
En empresa privada	80,9	75,0
	BASE (21)	BASE (16)

Lugar de traballo no momento da enquisa ou anteriormente como Traballadores/as sociais		
	2015-16 %	2016-17 %
En Galicia	100,0	93,8
Fora de Galicia	-	6,2
	BASE (21)	BASE (16)

Egresados que continuaron a súa formación		
	2015-16 %	2016-17 %
Master/postgrao	60,0	42,3
Grao	8,0	-
Outra formación	32,0	57,7
	BASE (25) (62,5 respecto ao alumnado que respostou)	BASE (26) (57,8 respecto ao alumnado que respostou)

	MEMORIA DE CALIDADE Escola Universitaria de Traballo Social 2017-2018	Código: F02-PM-01 Versión: 01 Data:
	FORMATO	Páxina 14 de 66

3. Plan de Melloras do Centro

ACCIÓNS DE MELLORA DESENVOLVIDAS NO CURSO 2017-2018

Preséntase en primeiro lugar unha revisión sobre o plan de melloras do curso 2017-2018, todas elas executadas ao 100% salvo a reseñada como AM-4.1. Elaborouse tendo en conta o informe de seguimento e plan de mellora da titulación impartida no centro que se acompaña a esta Memoria.

<u>ACCIÓNS DE MELLORA</u>	
Código	<u>AM-2 (Curso 2017-2018)</u>
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
Análise causa	A análise da causa desta acción relaciónase coa necesidades de proporciona ao alumnado instrumentos que faciliten a súa tarefa investigadora, e que garantan as cuestións éticas e de cumprimento de normas nos procedementos empregados, O gran volume de actividade investigadora do alumnado da USC supón unha dificultade para desenvolver, nos prazos académicos establecidos, a actividade avaliadora do Comité de Bioética da USC, o que leva a formular a proposta de creación dun Comité de Ética propio da EUTS, coa intención de axilizar o proceso de revisión dos proxectos de investigación, presentados polo alumnado da EUTS, que aborden datos de carácter persoal.
Definición/ descrición proposta	Proposta de creación co Comité de Ética da EUTS, que xurde coa finalidade de garantir tanto o cumprimento dos aspectos éticos como as boas prácticas relativas á normativa de protección de datos, das investigacións nas que se empreguen datos de carácter persoal e que estean legalmente protexidos. Para levar a cabo esta acción considérase

	MEMORIA DE CALIDADE Escola Universitaria de Traballo Social 2017-2018	Código: F02-PM-01 Versión: 01 Data:
	FORMATO	Páxina 15 de 66

	oportuno a elaboración dun "Borrador do Regulamento do Comité de Ética da EUTS", tendo como referencia para a súa redacción o Regulamento do Comité de Bioética da USC (aprobado polo Consello de Goberno do 14 de febreiro de 2011)
Datas	Finalización: 28/12/2018; Inicio: 11/09/2017
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Non Eficaz; Data Estado: 17/12/2018
Responsables	María Elena Puñal Romarís
Comprobación Acción	AM-2
Descrición Comprobación	A comprobación está incluída na xustificación da tarefa correspondente
Data Comprobación	17/12/2018
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--
Tarefa1	AM-2.1
Descrición tarefa	Elaboración do contido do borrador do "Regulamento do Comité de Ética da EUTS", tendo como referencia para a súa redacción o Regulamento do Comité de Bioética da USC (aprobado polo Consello de Goberno de 14 de febreiro de 2011) e realización das comunicacións e xestións que procedan ante a Vicerreitoría con competencias na materia.
Data prevista de finalización	28/12/2018
Responsable	Teresa Facal Fondo
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	AM-2.1. Comprobación Nº. 1
Descrición	Na reunión da CT do 22 de outubro de 2018, a Coordinadora de Título

	MEMORIA DE CALIDADE Escola Universitaria de Traballo Social 2017-2018	Código: F02-PM-01 Versión: 01 Data:
	FORMATO	Páxina 16 de 66

Comprobación	informa das xestión levadas a cabo en relación á Proposta de creación do Comité Ético. Previo contacto telefónico con Vicerreitoría de Investigación e Innovación, o 18 de xaneiro enviouse proposta de dito regulamento coa finalidade de obter aval oficial por parte de USC. En datas posteriores contactouse telefonicamente con esta Vicerreitoría e se nos comunica que están reflexionando sobre o tema. O 16 de outubro de 2018 enviouse novo correo á Vicerreitoría e estamos á espera de resposta. (Acta CT-16-2018) (Arquivo: CT-16-2018-22outubro.pdf)
Data Comprobación	17/12/2018
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

		MEMORIA DE CALIDADE Escola Universitaria de Traballo Social 2017-2018	Código: F02-PM-01 Versión: 01 Data:
		FORMATO	Páxina 17 de 66

<u>ACCÍONS DE MELLORA</u>	
Código	AM-3 (Curso 2017-2018)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidade
Análise causa	Creación do Comité Consultivo da EUTS
Definición/ descrición proposta	Creación e posta en marcha do Comité Consultivo da EUTS formado por representantes de grupos de interese externos
Datas	Finalización: 28/12/2018; Inicio: 01/11/2017
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 21/12/2018
Responsables	M ^a Jesús Castro Neo
Tarefa1	AM-3.1
Descrición tarefa	Nomeamento das persoas que forman parte do Comité Consultivo e convocatoria da reunión constitutiva do mesmo
Data prevista de finalización	28/12/2018
Responsable	M ^a Jesús Castro Neo
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	AM-3.1. Comprobación N ^o . 1
Descrición Comprobación	Con data 20 de decembro de 2018 celebrouse a reunión constitutiva do Comité Consultivo da EU de Traballo Social. (Arquivo: carpeta Comité Consultivo)

Escola Universitaria de Traballo Social	Santiago de Compostela		MEMORIA DE CALIDADE Escola Universitaria de Traballo Social 2017-2018	Código: F02-PM-01 Versión: 01 Data:
			FORMATO	Páxina 18 de 66

Data Comprobación	21/12/2018
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

	MEMORIA DE CALIDADE Escola Universitaria de Traballo Social 2017-2018	Código: F02-PM-01 Versión: 01 Data:
	FORMATO	Páxina 19 de 66

ACCIÓNS DE MELLORA	
Código	AM-4 (Curso 2017-2018)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidade
Análise causa	Revisión do SGIC para adecualo ás necesidades da EUTS fortalecendo o papel da Comisión de Calidade do Centro. Esta acción continua á AM-2 do curso anterior
Definición/ descrición proposta	Particularización do Manual Simplificado de garantía interna de calidade para a súa adecuación á nova versión do SGIC marco da USC
Datas	Finalización: 28/12/2018; Inicio: 01/11/2017
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	Mª Jesús Castro Neo
Tarefa1	AM-4.1
Descrición tarefa	Elaboración de proposta de particularización de cada capítulo do manual de procesos do SGIC do centro. Envío á área de calidade e mellora dos procedementos da documentación proposta
Data prevista de finalización	28/12/2018
Responsable	Mª Jesús Castro Neo
Estado	Non Executada
Comprobación Tarefa	Non executada – Correo da Responsable de Calidade aos membros da CCC coa consulta realizada polo centro e a resposta da ACMP da USC

	MEMORIA DE CALIDADE Escola Universitaria de Traballo Social 2017-2018	Código: F02-PM-01 Versión: 01 Data:
	FORMATO	Páxina 20 de 66

	en relación a este tema (<i>Wemail_InfoACMPsobre Manual Simplificado</i>) en CD
Descrición Comprobación	<p>A Responsable de Calidade do Centro, púxose en contacto coa Área de Calidade, informando da intención de abordar a elaboración do Manual Simplificado do SGIC do Centro, solicitando unha reunión co persoal do servizo para recibir pautas e orientacións.</p> <p>A resposta recibida por parte dunha técnica de xestión de calidade, e remitida ao membros da Comisión de Calidade do Centro foi a seguinte:</p> <p>Neste momento non é posible ter a reunión. Están a priorizar o asesoramento a centros que teñen visita de acreditación e/ou certificación do SGIC en datas próximas. Se non poden atender a nosa solicitude en xuño ou xullo, quedará pendente para setembro. Tamén informou que non teríamos que elaborar o Manual Simplificado do SGIC, teríamos que elaborar o Manual do Centro.</p>
Data Comprobación	18/12/2018
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

	MEMORIA DE CALIDADE Escola Universitaria de Traballo Social 2017-2018	Código: F02-PM-01 Versión: 01 Data:
	FORMATO	Páxina 21 de 66

ACCIÓNS DE MELLORA	
Código	AM-5 (Curso 2017-2018)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 5 - Recursos materiais
Análise causa	Os problemas do edificio no que se ubica a titulación dificulta a cobertura en toda a Escola do acceso as tecnoloxías da comunicación. Pese ao esforzo realizado o curso anterior coa introdución de fibra óptica e antenas de wifi, non se alcanzou o nivel esperado na calidade do servizo.
Definición/ descrición proposta	Solicitar a distintas empresas estudos técnicos que, tendo en conta o estrutura do edificio, solventen os problemas detectados e mellore a calidade da sinal wifi en todas as instalacións da Escola así como presuposto para a realización das accións necesarias
Datas	Finalización: 28/12/2018; Inicio: 02/10/2017
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 14/12/2018
Responsables	Teresa Facal Fondo
Tarefa1	AM-5.1
Descrición tarefa	Solicitar presuposto para a realización de melloras da sinal wifi en todas as instalacións
Data prevista de finalización	28/12/2018
Responsable	Teresa Facal Fondo
Estado	Executada

	MEMORIA DE CALIDADE Escola Universitaria de Traballo Social 2017-2018	Código: F02-PM-01 Versión: 01 Data:
	FORMATO	Páxina 22 de 66

Tarefa2	AM-5.2
Descrición tarefa	Renovación dos equipos de informática da Aula de informática e adquisición de software
Data prevista de finalización	28/12/2018
Responsable	Teresa Facal Fondo
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	AM-5.2. Comprobación Nº. 1
Descrición Comprobación	A Directora da EUTS da conta das xestións realizadas e renovación de equipos na reunión da Comisión de Título do 31 de outubro de 2018 (CT-18-2018) (Arquivo: CT-18-2018-31outubro.pdf)
Data Comprobación	14/12/2018
Incidencias	--
Axustes/Novas Tareas	--
Comprobación Tarefa	AM-5.2. Comprobación Nº. 2
Descrición Comprobación	-- (Arquivo: CT-18-2018-31outubro.pdf)
Data Comprobación	14/12/2018
Incidencias	--
Axustes/Novas Tareas	--

	MEMORIA DE CALIDADE Escola Universitaria de Traballo Social 2017-2018	Código: F02-PM-01 Versión: 01 Data:
	FORMATO	Páxina 23 de 66

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-6 (Curso 2017-2018)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 5 - Recursos materiais
Análise causa	A demanda do alumnado de 4º curso, sobre orientación para continuar estudos e en relación ás saídas laborais. En cursos anteriores realizáronse charlas informativas de opcións de continuación de estudos ao alumnado que remataba o grao que tiveron moi boa acollida por parte do alumnado.
Definición/ descrición proposta	<p>Reforzar o contido e a entidade desta información e a súa estruturación nunha "Sesión de Orientación Laboral e Continuidade de Estudos". Esta sesión, dirixida ao alumnado de 4º curso ten como propósitos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Proporcionar ao alumnado a información sobre a posibilidade de continuar os seus estudos e ampliar a súa formación mediante cursos, doutoramentos, etc -Orientar ao alumnado sobre as distintas opcións ás que poden optar no momento de enfrontarse á busca de emprego (emprego público, privado, exercicio libre da profesión), -Instruír sobre o xeito de elaborar currículos, acceder a bolsas ou participar en programas de voluntariado.
Datas	Finalización: 28/12/2018; Inicio: 02/04/2018
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Non Eficaz; Data Estado: 06/04/2018
Responsables	María Elena Puñal Romarís
Tarefa1	AM-6.1

	MEMORIA DE CALIDADE Escola Universitaria de Traballo Social 2017-2018	Código: F02-PM-01 Versión: 01 Data:
	FORMATO	Páxina 24 de 66

Descrición tarefa	Coordinación da EUTS co Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia para a súa participación na sesión de orientación laboral
Data prevista de finalización	29/06/2018
Responsable	María Elena Puñal Romarís
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	AM-6.1. Comprobación Nº. 1
Descrición Comprobación	Informe da Coordinadora de Título sobre a promoción e realización da Sesión así como o proceso de desenvolvemento (Arquivos: InformesesionPostitulacion.pdf e acta CT do 13 de xullo de 2018))
Data Comprobación	29/06/2018
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--
Tarefa2	AM-6.2
Descrición tarefa	Difusión da Sesión a través de: -Envío de correos electrónicos ao alumnado matriculado en 4º curso presentando a sesión e recollendo suxestións da datas de celebración. -Publicación da información na páxina web da EUTS -Publicidade da sesión nos taboleiros do centro por parte do negociado
Data prevista de finalización	29/06/2018
Responsable	María Elena Puñal Romarís
Estado	Executada (Arquivo: CT-11-2018)

	MEMORIA DE CALIDADE Escola Universitaria de Traballo Social 2017-2018	Código: F02-PM-01 Versión: 01 Data:
	FORMATO	Páxina 25 de 66

Pendente de execución do curso 2017-2018

<u>ACCIONES DE MELLORA</u>	
Código	AM-4 (Curso 2017-2018)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidade
Análise causa	Revisión do SGIC para adecualo ás necesidades da EUTS fortalecendo o papel da Comisión de Calidade do Centro. Esta acción continua á AM-2 do curso anterior
Definición/ descrición proposta	Particularización do Manual Simplificado de garantía interna de calidade para a súa adecuación á nova versión do SGIC marco da USC
Datas	Finalización: 28/12/2018; Inicio: 01/11/2017
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	Mª Jesús Castro Neo
Tarefa1	AM-4.1
Descrición tarefa	Elaboración de proposta de particularización de cada capítulo do manual de procesos do SGIC do centro. Envío á área de calidade e mellora dos procedementos da documentación proposta
Data prevista de finalización	28/12/2018
Responsable	Mª Jesús Castro Neo
Estado	Non Executada
Comprobación Tarefa	Non executada – Correo da Responsable de Calidade aos membros da CCC coa consulta realizada polo centro e a resposta da ACMP da USC

	MEMORIA DE CALIDADE Escola Universitaria de Traballo Social 2017-2018	Código: F02-PM-01 Versión: 01 Data:
	FORMATO	Páxina 26 de 66

	en relación a este tema (<i>Wemail_InfoACMPsobre Manual Simplificado</i>) en CD
Descrición Comprobación	<p>A Responsable de Calidade do Centro, púxose en contacto coa Área de Calidade, informando da intención de abordar a elaboración do Manual Simplificado do SGIC do Centro, solicitando unha reunión co persoal do servizo para recibir pautas e orientacións.</p> <p>A resposta recibida por parte dunha técnica de xestión de calidade, e remitida ao membros da Comisión de Calidade do Centro foi a seguinte:</p> <p>Neste momento non é posible ter a reunión. Están a priorizar o asesoramento a centros que teñen visita de acreditación e/ou certificación do SGIC en datas próximas. Se non poden atender a nosa solicitude en xuño ou xullo, quedará pendente para setembro. Tamén informou que non teríamos que elaborar o Manual Simplificado do SGIC, teríamos que elaborar o Manual do Centro.</p>
Data Comprobación	18/12/2018
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

	MEMORIA DE CALIDADE Escola Universitaria de Traballo Social 2017-2018	Código: F02-PM-01 Versión: 01 Data:
	FORMATO	Páxina 27 de 66

ACCIÓNS DE MELLORA PROPOSTAS PARA O CURSO 2018-2019

As accións de mellora foron definidas nos correspondente informe de seguimento e que se anexiona a esta Memoria. Están relacionadas cos seguintes criterios:

- Sistema de Garantía de Calidade (C3)
- Indicadores de satisfacción e rendemento (C7)

<u>ACCIÓNS DE MELLORA</u>	
Código	AM-1 (Curso 2018-2019)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento
Análise causa	Baixa na taxa de participación nas enquisas de satisfacción dos grupos de interese
Definición/ descrición proposta	Revisar os protocolos dirixidos a fomentar a cultura da calidade e a participación dos grupos de interese do centro nas enquisas de satisfacción para incrementar a participación.
Datas	Finalización:30/07/2019; Inicio: 29/01/2019
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	M ^a Jesús Castro Neo
Tarefa1	AM-1.1
Descrición tarefa	Reunión dos Coordinadores de curso con a Coordinadora de Título e Responsable de Calidade para detectar deficiencias no funcionamento dos protocolos establecidos para fomentar a participación do alumnado nas enquisas de satisfacción
Data prevista de finalización	12/04/2019

	MEMORIA DE CALIDADE Escola Universitaria de Traballo Social 2017-2018	Código: F02-PM-01 Versión: 01 Data:
	FORMATO	Páxina 28 de 66

Responsable	M ^a Jesús Castro Neo
Estado	Executada
Tarefa2	AM-1.2
Descrición tarefa	Realizar charlas informativas para concienciar sobre a importancia e a utilidade do SGIC. Promover no alumnado a través do profesorado dos distintos cursos, a toma de conciencia sobre a importancia de participar nas enquisas
Data prevista de finalización	13/05/2019
Responsable	M ^a Jesús Castro Neo
Estado	Activa
Tarefa3	AM-1.3
Descrición tarefa	Difusión dos períodos de enquisas e fomento da participación a través de diferentes canles (páxina web centro, correo electrónico, RRSS..) entre todos os grupos de interese (alumnado, egresados, profesorado e titores/as externos/as) reforzando aqueles grupos cunha menor taxa de participación
Data prevista de finalización	13/05/2019
Responsable	M ^a Jesús Castro Neo Área de Calidade e Mellora dos Procedementos
Estado	Activa

	MEMORIA DE CALIDADE Escola Universitaria de Traballo Social 2017-2018	Código: F02-PM-01 Versión: 01 Data:
	FORMATO	Páxina 29 de 66

<u>ACCIONES DE MELLORA</u>	
Código	AM-2 (Curso 2018-2019)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidade
Análise causa	Revisión do SGIC para adecualo ás necesidades da EUTS fortalecendo o papel da Comisión de Calidade do Centro. Esta acción continua á AM-4 do curso anterior
Definición/ descrición proposta	Particularización do Manual Simplificado de garantía interna de calidade para a súa adecuación á nova versión do SGIC marco da USC
Datas	Finalización: 20/12/2019; Inicio: 29/01/2019
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	M ^a Jesús Castro Neo
Tarefa1	AM-2.1
Descrición tarefa	Elaboración de proposta de particularización de cada capítulo do manual de procesos do SGIC do centro. Envío á área de calidade e mellora dos procedementos da documentación proposta
Data prevista de finalización	20/12/2019
Responsable	M ^a Jesús Castro Neo
Estado	Activa

	MEMORIA DE CALIDADE Escola Universitaria de Traballo Social 2017-2018	Código: F02-PM-01 Versión: 01 Data:
	FORMATO	Páxina 30 de 66

<u>ACCIONES DE MELLORA</u>	
Código	AM-3 (Curso 2018-2019)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 5 - Recursos materiais
Análise causa	Por parte do alumnado solicítase a mellora no que atinxe ao mobiliario das aulas
Definición/ descrición proposta	Substitución progresiva de cadeiras e mesas en función de prioridades e partida orzamentaria
Datas	Finalización: 30/07/2019; Inicio: 03/09/2018
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	Teresa Facal Fondo
Tarefa1	AM-3.1
Descrición tarefa	Renovación do mobiliario para substituír equipamento
Data prevista de finalización	30/07/2019
Responsable	Teresa Facal Fondo
Estado	Activa

	MEMORIA DE CALIDADE Escola Universitaria de Traballo Social 2017-2018	Código: F02-PM-01 Versión: 01 Data:
	FORMATO	Páxina 31 de 66

4. Anexo: Informe de seguimiento

Acompáñase o Informe de Seguimento do Grao en Traballo Social correspondente ao curso 2017-2018.

1. DATOS DA UNIVERSIDADE E DO TÍTULO OBXECTO DE SEGUIMENTO	
Denominación do título	Grao en Traballo Social
Mencións/Especialidades	Non
Universidade responsable administrativa	Universidade de Santiago de Compostela
En caso de títulos interuniversitarios, universidade/s participante/s	
Centro responsable	Escola Universitaria de Traballo Social
Centro/s onde se imparte	Escola Universitaria de Traballo Social
Rama de coñecemento	Ciencias Sociais e Xurídicas
Número de créditos	240 ECTS
Profesión regulada	
Modalidade de impartición	Presencial
Curso de implantación	2010/2011
Data acreditación ex ante (verificación)	30/06/2010
Data renovación acreditación	20/07/2016

	MEMORIA DE CALIDADE Escola Universitaria de Traballo Social 2017-2018	Código: F02-PM-01 Versión: 01 Data:
	FORMATO	Páxina 32 de 66

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:

Estándar: O programa formativo está actualizado e implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizou conforme a memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

1.1.- O título mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión.

Aspectos a valorar:

- O perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional e, no seu caso, segundo as necesidades e requisitos da profesión regulada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

As prazas ofertadas no curso 2017-2018 foron 80 (IN1G-PC-05) as mesmas que nos dous cursos inmediatamente anteriores. Solicítarase, ao igual que para o curso 2016-2017, que se incrementase a oferta a 85 prazas, en base á tendencia de incremento da matrícula de novo ingreso (24,19% no curso 2016-2017), e retornar ao valor de 90 prazas ofertadas contempladas na Memoria de Verificación do Título (MVT2010).

No curso ponte de adaptación ao grao ofertáronse as mesmas prazas que o curso anterior (5) tendo en conta a demanda de matrícula de acceso ao mesmo, e so se produzo 1 novo ingreso.

A matrícula total de novo ingreso foi de 87 persoas (IN3G-PC-05), unha delas correspondente ao curso ponte, así a variación de matrícula de inicio de estudos foi de 7,79% respecto ao curso anterior (IN5G-PC-05). Relevante é que continúa o incremento de matrícula de novo acceso, tendo como referencia o punto de inflexión do descenso que se produzo entre os cursos 2013 a 2016, en parte debido á caída na demanda de matrícula no curso ponte.

Da matrícula de novo ingreso so 83 o fan pro primeira vez na universidade (IN4G-PC-05), 4 son estudantes que acceden a través de validación parcial de estudos estranxeiros, traslados ou adaptacións desde plans en extinción.

O centro continuou realizando a súa propia campaña de difusión da titulación mantendo a campaña de *adwords* de Google iniciada no curso 2014-2015, participando en 9 feiras de divulgación de titulacións universitarias (2 máis que no curso anterior), e mantendo o contacto telefónico con 273 orientadores de centros de ensino medio (14 máis que no curso anterior) para ofrecer o envío de información e ofertar a posibilidade de que profesorado impartise unha charla no propio centro de ensino medio.

A coordinadora de título no Informe de coordinación do curso 2017-2018, presentado na Comisión de Título de 3 de decembro de 2018, fai referencia a que segundo datos obtidos a través da enquisa propia cumprimentada por 67 alumnos e alumnas de primeiro curso 7,5% dos mesmos coñeceu a titulación a través dos orientadores dos centros. Así mesmo sinala que se mantivo a oferta na web propia do programa *Solicita unha visita*, co resultado de 12 solicitudes de información por esta vía, con atención a 20 persoas (potencial alumnado e familiares).

No curso anterior ao que é obxecto de análise producírase un descenso importante na taxa de abandono (de 17,30% a 4,84%), máis prodúxose un incremento deste indicador relativo ao alumnado matriculado de novo ingreso que en dous anos desistiu de volver a facelo (IN40G-S01-PM-01), obténdose de novo cifras altas de abandono (17,02%). Con posterioridade aos exames do primeiro cuatrimestre a coordinadora de título mantivo contacto co alumnado que non foi obxecto de avaliación no primeiro cuatrimestre, ou tivo unha cualificación de suspenso na maioría das materias. Esta

	MEMORIA DE CALIDADE Escola Universitaria de Traballo Social 2017-2018	Código: F02-PM-01 Versión: 01 Data:
	FORMATO	Páxina 33 de 66

actuación deriva da valoración do informe de abandono potencial remitido desde a Área de Calidade da USC do que se dou conta na Comisión de título de 13 de abril. .

Hai que ter en conta que o 13,6% do alumnado matriculado por primeira vez no centro solicitara esta titulación en 3º (8,6%), 4ª (2,5%) e 5ª (2,5%) opción no momento de realizar a preinscrición. Así mesmo o 26% deste alumnado de novo acceso matriculouse no 5º, 6º e 7º prazo da convocatoria de matrícula cando xa o cuadrimestre estaba bastante avanzado.

	2015-16	2016-17	2017-18
Prazas ofertadas IN1G-PC-05	80,00	80,00	80,00
Matrícula IN2G-PC-05	272,00	254,00	264,00
Matrícula de novo ingreso IN3G-PC-05	63,00	81,00	87,00
Matrícula de inicio de estudos IN4G-PC-05	62,00	77,00	83,00
Variación de matrícula de inicio de estudos IN5G-PC-05	-4,62	24,19	7,79
Taxa de abandono durante o primeiro curso IN40G-S01-PM-01	17,39	4,84	17,02

O volume de alumnado matriculado no centro (IN2G-PC-05) foi de 264 persoas, 10 máis que no curso anterior, excluído o alumnado entrante vinculado a programas de mobilidade. O descenso que tivo lugar nos cursos 2014 a 2016 débese en grande medida a caída na matrícula do curso ponte.

A nota media de acceso segue a tendencia a alza (IN06G-PC-05) iniciada xa en cursos anteriores, sendo de 6,72 .Así mesmo tamén se incrementou en doce puntos a porcentaxe daqueles que accederon con unha puntuación igual ou superior a seis (IN07G-PC-05) pasando de 57,89% a 69,51%.

